

2. As desviacións da norma culta: vulgarismos, arcaísmos e hiperenxebrismos

A conflitiva peripecia histórica do noso idioma permite comprender por que aínda hoxe é moi frecuente que os usuarios do galego empreguen a súa lingua propia con interferencias do castelán e con fenómenos de “desviación” ou “deformación” da variedade estándar. Son tres, pondo de parte as interferencias do castelán, os fenómenos máis destacados neste sentido:

2.1. Vulgarismos

Son, en esencia, deformacións fonéticas de determinadas palabras que se producen no rexistro coloquial e informal da lingua e se transmiten por aprendizaxe espontánea. Eventualmente, os vulgarismos poden acabar sendo introducidos na lingua formal e literaria con intención de substituír formas que coinciden co español (afán diferencialista). Os principais fenómenos de vulgarismo son:



O arradio pódese escoitar tranquilamente en calquera parte.

a) Alteracións no vocalismo

■ Fenómenos de adición:

- ▶ Prótese: **arrodear*, **adivertirse*, **apresentar*, **arrenegar*, **arradio...*
- ▶ Epéntese: **aldeia*, **soio*, **a ialma...*
- ▶ Paragoxe: **comere*, **mullere*, **Luíse*, **máise*, **corazonhe...*

■ Fenómenos de supresión:

- ▶ Aférese: **certar*, **inda...*
- ▶ Síncopa: **espranza*, **esprito*, **altismo*, **difrente...*
- ▶ Apócope: **virtú*, **libertá*, **maldá*, **tranquilidá...*

b) Alteracións no timbre das vogais

- **Disimilación ou labialización:** **fertuna*, **sagredo*, **menistro*, **delor*, **tarreo*, **marmurar*, **somellar*, **teléfano*, **semáfaro*, **halicótero*, **romedio*, **romate*, **mamoria*, **númaro...*
- **Asimilación ou harmonización:** **bunito*, **fuciño*, **polmonía*, **pidir*, **sintir*, **dazaseis*, **miniño*, **vistido*, **vindimar*, **torrón*, **Curuña...*



A grande *arquitectura* Zaha Hadid deseñou estes edificios.

c) Alteracións no consonantismo

- **Metátese de fonemas consonánticos** (cambio de posición): **probe*, **frabicar*, **bulra*, **cocreta*, **nónima*, **perdicar*, **percisar*, **pirmeiro*...
- **Vocalización de grupos cultos**: **ouservar*, **práitico*, **aspeuto*, **próuximo*, **exceicional*, **redaución*, **prospeuto*, **ausurdo*, **ouservar*...
- **Pronuncia interdental do grupo culto -ct-**: **práztica*, **viztoria*, **aztuación*, **arquitezta*, **impaztar*...

2.2. Arcaísmos

Aparecen como consecuencia da difusión a finais do século XIX e principios do XX dos textos literarios e documentais do galego-portugués medieval. Determinadas palabras dese dialecto sincrónico antigo son incorporadas por vía culta á lingua galega escrita moderna, en lugar de palabras que son parecidas ou idénticas ás castelás. Son exemplos de arcaísmo *nascen*, *merescen*, *parescen*, *ausenza*, *door*, *vegada*, *capíduo*, *tíduo*, *cor* ('corazón'), *ren* ('nada'), *conquerir*...

2.3. Hipergaleguismos ou hiperenxebrismos

Son formas creadas artificialmente e usadas no rexistro culto da lingua desde comezos do século XX. O fenómeno consiste en modificar palabras (a maioría cultismos e semicultismos) coincidentes en galego e castelán, aplicando analoxías que existen na distinción entre palabras patrimoniais dos dous idiomas. A finalidade é conferir a esas palabras un aspecto pretendidamente "máis galego", isto é, diferenciado do castelán. Os hiperenxebrismos deben ser rexeitados, pois as analoxías en que se basean non teñen apoio etimolóxico.

Palabra correcta (galego/castelán)	Analoxía indutora	Hipergaleguismo	Etimoloxía
zona	-ø-/ -n-: <i>lúa / luna</i>	*zoa	ZONAM
laborar	-ou-/ -o-: <i>ouro / oro</i>	*labourar	LABORARE
montaña	-n-/ -ñ-: <i>nen / niño</i>	*montana	MONTANEA
sombra	-m-/ -mbr-: <i>home / hombre</i>	*soma	UMBRAM
ambiente	-e-/ -ie-: <i>ben / bien</i>	*ambiente	AMBIENTEM
brillar	-l-/ -ll-: <i>ela / ella</i>	*brilar	BRILLARE
oficina	-n-/ -ñ-: <i>vino / viño</i>	*oficiña	OFFICINA
sincero	-ei-/ -e-: <i>leite / leche</i>	*sinceiro	SINCERUM

3. Préstamos e interferencias

Os préstamos son termos que se incorporan ao léxico dunha lingua para designaren realidades ou conceptos novos. Os préstamos innecesarios son aqueles termos que desprazan o uso dunha palabra xa existente na lingua. Trátase de interferencias léxicas debidas á presión dunha lingua dominante. No caso do galego a meirande parte dos préstamos innecesarios proveñen do inglés ou do castelán.

Castelanismos

O dominio que exerceu desde hai séculos o castelán na sociedade galega provocou interferencias en todos os planos lingüísticos do galego: ortográfico, léxico, morfosintáctico e fónico.

a) Castelanismos ortográficos

A escolarización exclusiva ou maioritariamente en castelán da maioría da poboación provocou que a ortografía dese idioma se convertese na referencia para a lingua escrita, o que levou á desaparición de grafías históricas como o *lh*, *nh* (para a nasal palatal) ou o *ç*. Na actualidade consideramos castelanismos ortográficos aquelas palabras que reproducen a escrita do castelán: **boda*, **abogado*, **armonia*, **fácilmente*, **ademáis*.

b) Castelanismos léxicos

O plano léxico é o que rexistra inicialmente máis interferencias entre as linguas. Existen distintos graos de castelanización do noso patrimonio léxico:

- Maior uso do termo que coincide co castelán, cando existen dous sinónimos: *levantar/erguer*, *recordar/lembrar*, *brando/mol* etc.
- Restrición de significados para o termo galego, pasando a designar só as realidades pretéritas: *vasoira* fronte a **escoba*, *billa* fronte a **grifo*.
- Substitución total da forma galega pola castelá: **tenedor*, **carretera*, **dios*, **acera*, **pasillo* etc. Neste tipo incluímos tamén as pezas léxicas que se adaptan á fonética galega como: **lexos*, **parexa*, **conexo*, **axuntamento* etc.

c) Castelanismos morfosintácticos

Cando un idioma ten alterada a súa morfosintaxe por presión allea, comeza a ter a súa cerna en perigo. Os castelanismos morfosintácticos alteran a estrutura interna da nosa lingua. Afectan a aspectos tan di-



Coello de monte.

versos como o xénero das palabras (**a leite, *o viaxe* etc.) ou a colocación do pronome átono (**Llo contou onte, *o viches?*). Prodúcese tamén na conxugación verbal nos casos en que a regularidade e a irregularidade non coincide en galego e castelán (**andiven, *conduxen*), ou polo emprego de formas compostas (**Ainda non había rematado*). Constitúe igualmente un castelanismo gramatical o uso incorrecto de pronomes reflexivos (**Lavouse as mans, *Casáronse*).

d) Castelanismos fónicos

É o plano onde as interferencias foron menores, mais estas parecen dificilmente reversíbeis. Mentres a prosodia do galego segue a ter moitísima vitalidade, mesmo entre os galegos habitualmente castelán-falantes, o emprego do sistema das sete vogais está fortemente interferido: a non distinción sistemática das vogais de grao medio: /ɛ/ de /e/ e /ɔ/ de /o/ é a consecuencia máis palpábel deste tipo de interferencias.

ACTIVIDADES

1. Indica se son verdadeiras ou falsas as seguintes afirmacións:

- A lingua estándar é a única variedade válida.
- A polémica isolacionismo fronte a reintegracionismo prexudicou o proceso de normalización lingüística.
- O reintegracionismo defende unha normativa baseada nas falas populares.
- A normativa elaborada polo ILG en 1982 foi oficializada en 1983 pola Xunta de Galicia.
- Fernández del Riego foi o presidente da Academia Galega que impulsou as reformas na normativa aprobadas en 2003.
- As Irmandades da Fala impulsaron a elaboración dunha normativa que representa o chamado galego protoestándar e que procura afastarse da norma portuguesa.
- O galego popular (1810–1880) correspóndese cos primeiros pasos do Rexurdimento e está representado pola lingua de *Cantares Gallegos* de Rosalía de Castro.
- O estándar do galego segue un modelo plural.
- As formas do estándar correspóndense en todas as linguas coas formas de maior número de falantes.
- As obras de Castelao, Blanco Amor e Álvaro Cunqueiro corresponden á etapa denominada galego antigo.

- m) O estándar do galego está formado por elementos procedentes das distintas variedades diatópicas.
- n) Os membros das Irmandades da Fala pretendían construír un modelo estándar para a nosa lingua que nos diferenciase do castelán.
- ñ) A normativa oficial aprobada en 1983 tiña un claro carácter isolacionista.
- o) O debate sobre a necesidade de aproximación ao portugués está totalmente pechado desde a reforma de 2003.

2. Responde as seguintes cuestións:

- Que diferenza existe entre un modelo de estándar plural e un modelo composto?
- Cales son as principais diferenzas entre reintegracionismo e isolacionismo?

3. Indica que tipo de desviación da norma constitúe cada unha destas palabras e sinala a forma correcta:

semán	apesares	esceario	cencia	inconvinte
pisciña	ordeado	espranza	parexa	brilante
cuchilo	parescer	lexos	abandoar	vilagarciano
probe	mediciña	persoaxe	somana	primaveira

4. Corrixe e identifica como desviacións da norma os erros que encontres:

- a) As leises actuais non protexen debidamente a riqueza natural arousana.
- b) A médico mandoulle facer uns análises, por se detectaba algunha carencia na sangue.
- c) O viaxe que fixen ca miña irmán foi marabilloso.
- d) O axuntamento vilagarciano medrou máis cos outros da comarca.
- e) Súa familia está moi lexos.
- f) Andivo hacia alí, donde lle agardaban seus amigos.
- g) Seu lema é: os seres humanos non son ilegales.
- h) O viaxe foi mais fermoso co anterior, cando foran cos seus amigos por carreteras perdidas.
- i) O mensaxe desa filósofa é que protexamos o medio ambiente e as zoas máis valiosas da natureza.

5. Substitúe convenientemente os castelanismos que encontres nas seguintes cláusulas:

- a) As estadísticas que se derivan da encuesta non deixan lugar a duda sobre o pensamento do noso pueblo.
- b) Según contan os propios rehéns, o jueves mataron ao abuelo nun peldaño da escalera.
- c) Torcín un tobillo e manqueime na rodilla pero xa vou a facer a rehabilitación.
- d) No axuntamento celebraron unha boda e o juez anulouna a petición dun concejal.